

## RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

Asunto: LISTADO DE CANDIDATOS/AS PRESELECCIONADOS/AS AO PROCESO SELECTIVO PARA AUXILIAR ADMINISTRATIVA BIBLIOTECA PEL 2024

Exptes: 2024/E001/000011, 2024/A008/000034

A Deputación da Coruña (Servizo de Desenvolvemento Territorial e Transición Ecolóxica) publica no BOP núm 206 do 27 de outubro de 2023 as bases reguladoras do programa PEL-Concellos 2024 de axudas á contratación de persoal para a execución de obras e servizos municipais nos concellos da provincia, incluído na Liña 1.1 do Plan de emprego local (PEL).

*A Base 3 das bases específicas do citado BOP recolle que: “o obxecto do programa é fomentar o emprego nos concellos mediante a contratación de persoal para a prestación de servizos municipais básicos e a execución de pequenas obras de reparación e mantemento relacionadas cos ditos servizos.*

*Tamén recolle na Base 6 das bases específicas que: “os concellos poderán solicitar como máximo a contía do módulo que lles corresponda en función da porcentaxe resultante de dividir o número de persoas desempregadas no concello entre o número total de persoas desempregadas nos concellos de menos de 50.000 habitantes, mentres que os concellos da Coruña, Ferrol e Santiago de Compostela optarán pa un importe único de 75.000 euros, segundo figura Anexo I”.*

No BOP núm 31 de 12 de febreiro de 2024 publícase a resolución pola que se aproba a concesión definitiva de subvencións correspondentes ao programa de axudas á contratación de persoal para a execución de obras e servizos municipais dos concellos da provincia, incluído na liña 1.1 do Plan de Emprego Local (PEL-Concellos 2024), nesta o Concello de Fene aparece como beneficiario dunha subvención de 52.000,00€ para “Programa de integración laboral”.

C.L.F.: P-1503600-G

Mediante resolución da Alcaldía núm. 657/2024 de data 21/05/2024 aprobáronse as bases da convocatoria para a contratación laboral temporal de 1 auxiliar administrativa de biblioteca mediante o sistema de concurso-oposición para a realización do programa de integración laboral mediante execución de obras e servizos mínimos municipais financiado pola Deputación Provincial da Coruña as cales foron publicadas no taboleiro de edictos e na páxina web municipal.

O 29 de maio de 2024 publícase no BOP núm 103 e na páxina web do Concello a convocatoria do Concello de Fene de selección de persoal laboral temporal para a realización do programa de integración laboral no ano 2024.

O 3 de xuño de 2024 o Concello de Fene presenta ofertas xenéricas ante o Servizo Público de Emprego de Galicia na oficina de emprego de Ferrol-Esteiro.

O 4 e 5 de xuño 2024 o Servizo Público de Emprego de Galicia remite unha relación das persoas candidatas para a selección definitiva.

Conforme ao disposto na base terceira das bases reguladoras do proceso de selección, e de conformidade coa normativa vixente, RESOLVO:

PRIMEIRO.- Aprobar a lista de preseleccionados/as que se relacionan a continuación:

Auxiliar administrativa Núm oferta: 12-2024-5601

FERREIRO ROMERO LUCIA  
FILGUEIRA HERVA MOTSERRAT  
FRANCOS GONZALEZ JOSEFA  
FREIJOMIL GARRIDO MERCEDES  
FREIRE ARIAS MARÍA  
LÓPEZ MUIÑOS MARÍA LUISA  
LÓPEZ PITA JOSÉ MANUEL  
MARTÍNEZ GONZALEZ MARÍA ISABEL  
MARTÍNEZ REY OLALLA

*Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.fene.es>. (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).*



PAZ SECO VANESSA  
PREGO FILGUEIRAS GRACIELA  
RAMIL BASOA ALEJANDRO  
ROMERO CASTRO PILAR  
SANCHEZ PITA LORENA  
SECO BLANCO VANESA PILAR

SEGUNDO.- De acordo coas ditas bases, os/as candidatos/as preseleccionados/as polo Servizo Público de Emprego de Galicia deberán presentar as solicitudes para tomar parte nas probas selectivas nun prazo de **5 días naturais**.

TERCEIRO.- Publicar a presente resolución no taboleiro de edictos e na páxina web do Concello.

En Fene, asinado dixitalmente na data que figura na marxe polo Sr. alcalde Juventino José Trigo Rey, do que eu, Estefanía Manteiga Lamas, como secretaria, dou fe.

C.I.F.: P-1503600-G

*Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.fene.es>. (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).*